



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FRADES

##### *Ordenanza taxa certificacións de obra*

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos de dirección de obra, pola coordinación de seguridade e saúde, inspección e liquidación de obras.

##### **ANUNCIO**

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora taxa por prestación de servizos de dirección de obra, pola coordinación de seguridade e saúde, inspección e liquidación de obras.

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 4 de abril de 2024, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos de dirección de obra, pola coordinación de seguridade e saúde, inspección e liquidación de obras, que foi publicado no BOP de data 12 de abril de 2024, núm. 72 o inicio de exposición ao público.

Durante o período de exposición ao público non se formularon reclamacións, elevándose a definitivos os acordos provisionais adoptados relativos as modificacións da ordenanza fiscal reguladora do imposto de Instalacións, Construcións e Obras., de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo que entrará en vigor a partir do día seguinte á publicación do anuncio da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincial e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

De conformidade co artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, contra ditos acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación destes acordos no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

O texto íntegro da Ordenanza Fiscal é a seguinte que se transcribe a continuación:

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA, POLA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE, INSPECCION E LIQUIDACIÓN DE OBRAS.**

##### **Artigo 1º. Fundamentos e Natureza.**

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local e, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece as Taxas por Prestación de Servizos pola Dirección Técnica; Coordinación en materia de Seguridade e Saúde e Control de Calidade das obras municipais que se executen por terceiros; que se rexerá por medio de Ordenanza Fiscal.

##### **Artigo 2º. Feito Impoñible.**

Constitúe o feito imoñible destas taxas o servizo que o Concello presta aos adjudicatarios de obras municipais, asumindo a dirección técnica e/ou a coordinación en materia de seguridade e saúde, e/ou a realización dos controis de calidade, na execución das mesmas, directamente ou mediante terceiros.

##### **Artigo 3º.- Conceptos: definición dos distintos traballos.**

**Dirección de Obra.** Comprende todos os traballos de Dirección Facultativa da obra, comprendidos na LCSP, desde a preparación de documentación e autorizacións previas á Acta de Reformulo, ata Acta de Recepción da Obra. Inclúe todas as asistencias técnicas á dirección, pero non os ensaios de control de obra (estes inclúense segundo o prego do proxecto a obra).

**Liquidación.** A liquidación é o acto último de verificación das unidades executadas polo que péchanse as certificacións, que son pagos a conta, e eméndase calquera erro, excesos, ou defectos, axustando os pagos ao realmente executado e sen posibilidade de modificación posterior. O traballo de Liquidación atópase incluído nos honorarios de Dirección de Obra cando a obra termina por finalización dos traballos. Con todo estes e traballos son aboables en caso dunha liquidación por rescisión de contrato.

**Coordinación de Seguridade e Saúde en fase de execución.** Inclúe todos os traballos relacionado no RD 1627/1997, durante o desenvolvemento da obra.

**Artigo 4º. Suxeitos Pasivos.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes por estas taxas, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, adxudicatarios contratistas das obras municipais, a quen se preste polo Concello, mediante xestión directa ou indirecta, a dirección técnica e/ou a asistencia en materia de seguridade e saúde, daquelas obras.

**Artigo 5º. Base imponible.**

Constitúe a base imponible da taxa o orzamento efectivo e real da obra, segundo proxecto, memoria valorada ou orzamento aprobado polo Concello de Frades, incluídos os gastos xerais e o beneficio industrial, pero non o imposto sobre o Valor Engadido.

**Artigo 5º. Cota.**

A cota determinarase mediante a aplicación da seguinte tarifa:

1. Dirección de obras a cargo dos Servizos Técnicos Municipais, ou contratada polo Concello; sobre importe do prezo do contrato, segundo certificacións emitidas, impostos excluídos ..... 4 %.
2. Coordinación en materia de seguridade e saúde; sobre importe do prezo do contrato, segundo certificacións emitidas, impostos excluídos .....1 %.

Cando o Concello, en virtude de contrato específico, adxudicase e encomendase a un mesmo contratista a execución dunha obra e a dirección técnica e/ou a coordinación de seguridade e saúde e/ou o control de calidade; as cotas das taxas por todos ou cada un dos indicados servizos, contratados polo Concello para unha obra determinada, será o equivalente ao prezo que figure expresamente no contrato por estes conceptos, impostos excluídos.

**Artigo 6º. Devindicación.**

As taxas devindicaranse cando se presenten á cobranza cada unha das certificacións correspondentes á obra cuxa dirección e/ou coordinación en materia de seguridade e saúde e/ou control de calidade constitúe o feito imponible.

**Artigo 7º. Xestión e Liquidación.**

1. A liquidación de esta Taxa estará a cargo dos Servizos Técnicos correspondentes e practicarase en cada certificación de obra que se someta a aprobación dos órganos competentes do Concello.

2. O acto ou acordo de aprobación da certificación de obra comprenderá tamén a aprobación da taxa e ao proceder ao pago das certificacións e liquidacións emitidas pola dirección facultativa de obra, practicarase a correspondente retención da Tasa.

3. Para proxectos financiados con fondos estruturais europeos ou nos que se esixa xustificación de pago integro da certificación ou liquidación de obra, a liquidación da taxa e retención, non se practicará nas certificacións expedidas pola dirección facultativa da obra, senón mediante liquidación emitida pola Tesourería municipal e aprobada polo órgano correspondente, que deberá ser aboada mediante pago bancario por parte do suxeito pasivo.

**Artigo 8º. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nos Regulamentos que a complementan e desenvolven.

**Disposición Final.**

A presente modificación da Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 4 de abril de 2024, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir desta data, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa

Frades, 29 de maio de 2024

O Alcalde

Roberto Rey Martínez

2024/3836